



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



REDE
PROVINCIAL DE
**ESPAZOS
DE TRABALLO**



Deputación
DA CORUÑA

PEL Plan de
Emprego
Local

**GUÍA DE
BENVIDA**



VÍDEO DA REDE DE ESPAZOS





Pazo de Arenaza



Benvid@s a Arenaza!



ORIXE DA IDEA



**Deputación
DA CORUÑA**

PEL Plan de
Emprego
Local

PLAN DE EMPREGO LOCAL

Esforzo conxunto polo emprego

O **Plan de Emprego Local (PEL)** da Deputación da Coruña concíbese como un instrumento que complementa as medidas de cooperación e asistencia artelladas dende a Deputación para promover o desenvolvemento territorial da provincia.

A Deputación da Coruña, a través do Plan de Emprego Local, continúa amosando o seu apoio ao tecido empresarial da provincia, co obxectivo de acadar uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social e de cohesión do territorio. Desde a corporación provincial adoptanse medidas que promovan un modelo de desenvolvemento económico que favoreza a capacidade creativa e emprendedora da provincia e sostemento dos negocios, como fonte de riqueza e como elemento esencial para o crecemento, a mellora da competitividade e a modernización do tecido produtivo galego.






O Plan de Emprego Local constitúe unha estratexia integrada de cooperación para o desenvolvemento sostible do territorio, que ten como principal obxectivo fixar poboación nos concellos da provincia e contribuír a un crecemento sostible dos mesmos promovendo a creación de emprego estable e de calidade a nivel local e facilitando a empregabilidade das persoas en situación de desemprego, especialmente no ámbito rural.

No últimos sete anos o PEL investiu na provincia máis de **106 millóns de euros** en axudas e proxectos para a mellora da competitividade das pequenas e medianas empresas e a creación directa de **máis de 6.000 empregos**.




DISTRIBUCIÓN XERAL DO ESPAZO

PLANTA BAIXA





-  Zona de coworking
-  Espazo de formación
-  Espazo para eventos
-  Zona para reunións
-  Espazo de descanso

PAZO DE ARENAZA

O **Coworking Pazo de Arenaza** conta cunha superficie aproximada de 423 m² distribuída en dous andares, aos que complementan un patio e un gran xardín exteriores.



PRIMEIRO ANDAR

-  Zona de coworking
-  Espazo de formación
-  Espazo para eventos
-  Zona para reunións
-  Espazo de descanso

TERRAZA



GALERÍA



SALA FERNÁNDEZ-ALBALAT



SALA NOGUEIRA



LOCUTORIO

ASEO 03

DISTRIBUIDOR

ADMINISTRACIÓN

IMPRESORAS

SALA PALMEIRAS



SALA 01



SALA 02





Deputación
DA CORUÑA


REDE
PROVINCIAL DE
**ESPAZOS
DE TRABALLO**
PAZO DE ARENAZA



Deputación
DA CORUÑA
PEL Plan de
Emprego
Local



SALAS DE TRABALLO



SALA LAREIRA

Planta baixa.

Sala de traballo colaborativo con postos individuais agrupados en dous conxuntos de mesas.

Caracterízase por dispor dunha lareira de pedra que lle confire unha personalidade diferente.




> Superficie:

43 m²

> Capacidade:

8 postos de traballo



SALA PALMEIRAS



Primeiro Andar.


Sala de traballo colaborativo con postos individuais agrupados en dous conxuntos de mesas.

> Superficie:

41 m²

> Capacidade:

8 postos de traballo



SALA NOGUEIRA

Primeiro Andar.

Sala de traballo colaborativo con postos individuais agrupados nun só conxunto de mesas.

Anexo ao Espazo Fernández-Albalat



> Superficie:


18,5 m²

> Capacidade:

3 postos de traballo



SALA FERNÁNDEZ-ALBALAT



ESPAZO ALBALAT



Primeiro Andar.

Sala de traballo colaborativo con postos individuais agrupados nun só conxunto de mesas.

Da acceso a unha galería que comunica cunha terraza exterior.

> Superficie:


32,5 m²

> Capacidade:

6 postos de traballo



ÁREAS DE FORMACIÓN, EVENTOS E REUNIÓN



SALA 01

Primeiro Andar.

Sala de reunións equipada cunha mesa redonda.




> Superficie:

9 m²

> Capacidade:

6 persoas



SALA 02



Primeiro Andar.

Sala de reunións equipada cunha mesa cadrada.

> Superficie:

11,5 m²


> Capacidade:

4 persoas en mesa

9 persoas en formato charla



REUNIÓN-PRESENTACIÓN

SALA DE XUNTAS

Planta baixa.

Sala de reunións e pequenos eventos equipada cunha gran mesa circular e sistema de proxección.

Ten conexión directa co patio exterior e tamén coa sala lareira e aula de formación.



> Superficie:


32,5 m²

> Capacidade:

12 persoas



AULA DE FORMACIÓN



AULA DE FORMACIÓN



Planta baixa.

Aula de formación e de eventos equipada con sillas con pala, mesa de relator/conferenciante e sistema de proxección.

Ten conexión directa co patio exterior e tamén coa Sala de Xuntas.


> Superficie:

38,5 m²

> Capacidade:

20 persoas para formación

40 persoas en formato charla



DESCANSO-CAFÉ



Planta baixa.

Espazo preferentemente de descanso e lecer, a carón do office e das máquinas expendedoras.

> Superficie:

25,5 m²

> Capacidade:

9 persoas en mesa

20 persoas en formato charla



Deputación
DA CORUÑA

REDE
PROVINCIAL DE
**ESPAZOS
DE TRABALO**
PAZO DE ARENAZA


 Deputación
DA CORUÑA
PEL Plan de
Emprego
Local



ESPAZOS EXTERIORES



GALERÍA



GALERÍA

Primeiro Andar.

Galería de madeira acristalada con dúas bancadas fixas en ambos laterais da mesma.

Acceso a través do Espazo Fernández-Albalat. Serve de conexión coa terraza exterior.



> Superficie:

19 m²


> Capacidade:

8 persoas en bancadas laterais

18 persoas en formato charla



TERRAZA



TERRAZA



Primeiro Andar.

Terraza Galería de madeira acristalada con dúas bancadas fixas en ambos laterais da mesma.

Acceso a través do Espazo Fernández-Albalat e da galería intermedia.

> Superficie:

25,3 m²

> Capacidade:

16 persoas en bancadas laterais

24 persoas en formato charla



XARDÍNS



PATIO




QUE MÁIS?




Deputación
DA CORUÑA

DISTRIBUIDOR PLANTA BAIXA

DISTRIBUIDOR PRIMEIRO ANDAR



ASEOS



ARMARIOS CON CHAVE



LAREIRA

PARLADOIRO



CONVENIO ETSAC PAZO DE ARENAZA

1.- Acceso de estudantes ou persoas egresadas ao centro de coworking Pazo de Arenaza

- a) 4 módulos de traballo
- b) Destinatarios:
 - a) Estudantes do Master Habilitante
 - b) Estudantes recién graduados (nos 2 anos anteriores)
 - c) Con proxectos/ideas (ver páxina seguinte)
- c) Preincubación 12 meses ampliables a 18
- d) Selección pola ETSAC e validación pola Depuntación da Coruña

2.- Coorganización de eventos e actividades de interese dentro do ámbito do emprendemento no sector da Arquitectura

- a) 4 Eventos anuais
- b) Enfocados ao emprendemento e a dar acceso a fabricantes, tecnoloxías e ferramentas a proxectos de emprendemento do sector.
- c) Desenvolvemento na ETSAC ou no Pazo de Arenaza

IDEAS / PROXECTOS

Podcast especializado

(arquitectura, BIM, interiorismo, diseño de espazos,...)

*Estudo de
arquitectura*

*Traballo como
Freelancer*

*Creación e
desenvolvemento dun
EVENTO especializado*

Arquinfluenzer!
(contidos especializados para RRSS)



*Especialista en
sostenibilidade*

Qué máis propós?






POR QUÉ VIR A ARENAZA?

MARCA A/S TÚA/S RAZÓN/S

1. Desenvolver unha **IDEA “PROFESIONAL”**
2. Crear **MARCA PERSONAL / PROFESIONAL**
 1. Desenvolver proxectos en grupo
 2. Coorganizar eventos
 3. Xerar contidos (blog, podcast,...)
 4.
3. **NETWORKING / Búsqueda de colaboradores**
 1. Traballar con outros profesionais
 2. Asistir a eventos
 3. Visitar outros espazos
4. Contar con **ASESORAMIENTO** emprendedor e empresarial
5. **FORMACIÓN** (Campus da REDE [→](#))
6. **MOTIVACIÓN** / Non traballar só, evitar o aillamento
7. Usar a **REDE DE ESPAZOS** de Traballo [→](#)



COWORKING VISA Unha oficina “en cada porto”

O coworking Pazo de Arenaza forma parte da **Rede Provincial de Espazos de Traballo** da Coruña, que aglutina distintos espazos de traballo localizados en múltiples concellos da provincia como Miño, Boiro, Santiago de Compostela, As Pontes, A Pobra d Caramiñal, Vedra, Moeche, A Capela, Milladoiro, Brión e Oleiros aos que poderás acceder simplemente polo feito de ser coworker no Pazo de Arenaza.

Nun ámbito superior ao provincial, a rede **Coworking Visa** permite aos membros activos dun espazo de coworking utilizar outros **espazos en todo o mundo de forma gratuíta** durante un número determinado de días (xeralmente 3). As condicións varían dun espazo a outro en canto ás horas gratuítas dispoñibles, aos días que se ofrecen, os requisitos de reservas, etc., por iso débese comprobar con antelación para cada espazo que se desexe visitar.

O **Coworking Pazo de Arenaza** pertence á **Rede Provincial de Espazos de Traballo** e á rede de espazos de **Coworking Visa** que, sen ningunha dúbida, supón un enriquecemento e oportunidade de networking para os coworkers máis viaxeiros, os nómades e mesmo para os espazos anfitrións. Imaxina que por traballo tes que viaxar a Madrid, Barcelona, Lisboa ou calquera outro lugar; grazas a Coworking Visa abiránseche as portas de numerosos espazos de traballo. Ademais, o propio espírito dos coworkers adoita facilitar outro tipo de servizos adicionais, como é a procura de aloxamento, orientacións na cidade, etc.

Nas webs coworking.org/visa e wiki.coworking.org aparecen unha gran parte dos espazos adheridos, aínda que non sempre están todos, polo que se pode consultar á unidade xestora do Pazo de Arenaza ou preguntar directamente nos espazos a visitar que che interesen.

Toda unha oportunidade para ampliar redes mentres traballas!



VÍDEO DO PAZO DE ARENAZA



Coworking Manifesto

The Future Of Working

The Coworking Manifesto foi elaborado en maio de 2012 de forma colaborativa por membros da ONG Open Coworking (<http://opencoworking.org/>).

Caracterízase pola súa simpleza e adecuación, resultando unha filosofía dentro da que se desexa desenvolver a actividade de Coworking Pazo de Arenaza.

O DESAFÍO

Cremos que a sociedade se enfrenta a desafíos sen precedentes: económicos, ambientais, sociais e culturais. Tamén cremos que as innovacións son a clave para converter estes retos en oportunidades para mellorar as nosas comunidades e o noso planeta.

A SOLUCIÓN

O Coworking está a redefinir a forma en que traballamos. Inspirado pola cultura participativa do movemento de código aberto e a poderosa natureza do mesmo, estamos a construír un futuro máis sustentable. Somos un grupo de persoas conectadas ás pequenas empresas, creando unha economía da innovación e da creatividade nas nosas comunidades e en todo o mundo. Temos a visión dun novo motor económico composto pola colaboración e a comunidade, en contraste cos grupos pechados e o segredo da economía dos séculos XIX e XX.

O VALOR (Código de Conducta da Comunidade)

Temos o talento. Só necesitamos traballar xuntos. Contornas diferentes requiren solaparse, para conectarse e relacionarse co obxectivo de transformar a nosa cultura. Co fin de crear unha comunidade sustentable, baseada na confianza, nós valoramos:

- A **colaboración** por encima da competencia.
- A **comunidade** por encima dos programas.
- A **participación** por encima da observación.
- O **facer** por encima do dicir.
- A **amizade** por encima da formalidade
- A **audacia** por encima da seguridade.
- A **aprendizaxe** por encima da experiencia.
- As **persoas** por encima das personalidades
- O **“ecosistema de valor”** por encima da “cadea de valor”.

Esta nova economía non pode prosperar sen involucrar á gran maioría dos negocios e das comunidades creativa, emprendedora, governamental, non governamental e técnica xuntas.

O FUTURO

Cremos que a innovación alimenta á innovación. Imos transformar a cultura do mundo noutra que apoie o espírito emprendedor, a asunción de riscos, a exploración de territorios descoñecidos como os grandes líderes dos nosos tempos. Isto require a educación, o espírito emprendedor e unha ampla rede de espazos de traballo creativos. Estamos a reestruturar a economía e a sociedade a través de boas iniciativas empresariais e a innovación. As nosas comunidades están a unirse para reconstruír economías sustentables, en rede e a unha escala máis humana, para construír un mundo mellor.

Somos o movemento coworking do mundo!

